

# Defensa dos intereses de Galicia perante a UE

## Primeiro trimestre de 2023

Informe para o Consello da Xunta de Galicia

20 de abril de 2023

Este informe recolle un resumo das actividades da nosa oficina de representación en Bruxelas, a Fundación Galicia Europa (FGE), que traballa en coordinación con diferentes departamentos da Xunta de Galicia para a defensa dos intereses galegos perante a UE.

Trátase de actividades dirixidas a garantir a contribución da Xunta de Galicia aos debates europeos, mediante a achega da nosa experiencia e do noso coñecemento sobre o terreo. A participación autonómica nestes debates é fundamental, xa que, dadas as competencias da Xunta de Galicia, é a responsables de aplicar gran parte da lexislación europea.

Entre xaneiro e marzo de 2023 traballamos en temas moi diversos dos que destacamos:

1. A elaboración dun informe **coas prioridades de Galicia de cara a Presidencia española da UE** no segundo semestre de 2023.
2. A celebración de dous **encontros virtuais “FGE | NextGeneratiOn Galicia”** para debater sobre as prioridades políticas da UE antes de que finalice o actual mandato da Comisión Europea e sobre dúas importantes medidas do Pacto Verde Europeo: o novo Mecanismo de Axuste en Fronteira e o novo Fondo Social polo Clima.
3. O seguimento e participación no debate sobre o futuro do **sector do automóbil**, coa obrigatoriedade de que en 2035 todos os turismos e furgonetas que saian ao mercado sexan de cero emisión.
4. O traballo feito para **que Galicia lidere a resposta do Comité Europeo das Rexións (CdR) ao novo paquete de medidas sobre o futuro do sector da pesca** anunciado pola Comisión Europea
5. A organización dun debate con perspectiva autonómica sobre o marco xurídico europeo que se está a negociar para a aplicación da **Intelixencia Artificial**
6. O acompañamento á Xunta de Galicia na **Misión de Adaptación ao cambio climático**
7. A elaboración dun primeiro posicionamento galego no incipiente debate sobre o **futuro da política de cohesión**
8. O seguimento da **revisión da rede Transeuropea de Transporte (RTE-T)** e a defensa dos intereses galegos nela
9. A elaboración dunha candidatura galega para participar na **Semana Europea das Rexións e das Cidades 2023**
10. O asesoramento á Xunta de Galicia para participar no **Ano Europeo de Competencias**, que se celebrará entre maio de 2023 e maio de 2024

11. O último pulo político a nivel rexional que se lle deu á proposta de **creación dunha macro-rexión atlántica**

12. A **cooperación bilateral con outras rexións** de dentro e fóra da UE

Como **anexo**, recóllese un listado con 27 reunións ás que asistiu o persoal e os bolseiros da FGE en Bruxelas cunha breve explicación do interese de cada unha delas para a defensa dos intereses galegos perante a UE. Trátase, por exemplo, de reunións organizadas pola rede informal de colaboración entre Oficinas Rexionais en Bruxelas (CORE), que permiten unha mellor interlocución coas institucións europeas e coa Representación Permanente de España ante UE (REPER) para obter información de primeira man do traballo de España no Consello; e das reunións técnicas e políticas do Comité Europeo das Rexións.

Merece unha especial mención á preparación de axendas para senllas visitas do presidente da Xunta de Galicia e do conselleiro de Facenda a Bruxelas pero que foron pospostas en último momento. Tamén as reunións que mantivo a FGE con empresas galegas, con intereses variados na UE, e as reunións de CORE que nos permitiron facer un seguimento dos máis de 20 expedientes legislativos en negociación no marco do Pacto Verde Europeo, e do Plan Industrial do Pacto Verde anunciado en febreiro. Esta nova lexislación e iniciativas supoñen importantes oportunidades para Galicia pero tamén retos para certos sectores.

Por último, a FGE anima aos distintos departamentos da Xunta de Galicia a participar nas **consultas públicas** que abre a Comisión Europea e que permiten participar nunha fase temprana do proceso legislativo. Tamén lles achega as respostas que a Comisión Europea dá ás preguntas en relación con Galicia formuladas por deputados do Parlamento Europeo e lles mantén informados das peticións abertas en relación con Galicia na comisión de Peticións da EuroCámara. No primeiro trimestre de 2023, a FGE enviou:

- 10 avisos sobre consultas públicas
- 4 avisos sobre peticións en curso en PETI
- 46 alertas sobre preguntas parlamentarias

Máis información sobre a participación de Galicia nos asuntos europeos en [fundaciongaliciaeuropa.eu](http://fundaciongaliciaeuropa.eu) e nos [boletíns mensuais de información](#) da FGE (último boletín: [abril de 2023](#)).

## Participación de Galicia nos asuntos europeos - 1º trimestre de 2023 -

TEMA	Consellería	DESCRIPCIÓN DENDE UNHA PERSPECTIVA GALEGA	ACTIVIDADES FGE
1. <b>Prioridades de Galicia de cara a Presidencia española da UE no segundo semestre de 2023</b>	Todas	<p>España asumirá a Presidencia española da UE no segundo semestre de 2023 con grandes retos por diante aos que deberá facer fronte buscando o consenso entre os 27 Estados membros. O noso país terá, pois, un papel clave na conclusión de máis de 150 expedientes legislativos antes do fin dos mandatos do Parlamento Europeo e da Comisión Europea en 2024. España aspira tamén a influír na axenda estratéxica da Unión para o próximo período legislativo (2024-2029) e, para iso, proporá debates exploratorios nas diferentes formacións formais e informais do Consello.</p> <p>Para contribuír a eses debates, a FGE elaborou un informe a partir das achegas das consellerías no que se recolle a experiencia galega en 16 ámbitos: Pacto Verde europeo, pesca, cohesión, reforma do mercado da electricidade, Ano Europeo de Capacidades, Rede Transeuropea de Transporte, axenda dixital, automoción, enerxía, materias primas críticas, I+D+i, desenvolvemento rural, execución do MRR, turismo, macrorrexión atlántica e retos demográficos. Tamén se recolle a proposta de eventos paralelos á Presidencia española a desenvolver en Galicia.</p>	<p>21/02 Asistencia á <b>presentación das prioridades da Presidencia Española</b> por parte do ministro Albares nun acto organizado pola Cámara de Comercio</p> <p>21/03 – Asistencia á reunión do <b>grupo de traballo de CARUE sobre a Presidencia española da UE</b></p> <p>29/03 – Asistencia á <b>reunión co conselleiro de Política Territorial</b> da REPER sobre a próxima Presidencia</p>
2. <b>Encontros virtuais “FGE   NextGeneratiOn Galicia”</b>	Todas as consellerías	<p><a href="#">O encontro «A Declaración Conxunta 23-24»</a> contou coa intervención da galega Sonia Vila, xefa do centro de asesoramento da presidenta da Comisión Europea (IDEA), quen explicou as prioridades políticas para 2023 e 2024 recollidas no acordo firmado entre o Parlamento Europeo, o Consello e Comisión a finais do ano pasado. Pola súa parte, o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo e o director xeral de Relacións coa UE, Jesús Gamallo, explicaron las prioridades de Galicia ante a UE durante este ano.</p>	<p>15/02 <b>Encontro virtual «A Declaración Conxunta 23-24»</b></p>

		<p>En «<a href="#">Os avances climáticos de 'Obxectivo 55'</a>» expuxéronse as peculiaridades do Fondo Social para o Clima, asociado a aplicación do comercio de dereitos de emisión anovos sectores, e do Mecanismo de Axuste en Fronteira por Carbono (CBAM, polas súas siglas en inglés), que igualará o prezo do carbono dos produtos nacionais e importados. Pola súa parte, a directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático relatou o traballo que está a realizar a Xunta de Galicia en materia climática, referíndose a iniciativas como a oficina de coordinación do Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía, a Alianza Galega polo Clima ou a futura Lei do Clima de Galicia.</p>	<p>29/03 Encontro virtual «Os avances climáticos de 'Obxectivo 55'»</p>
<p>3. Sector do automóbil</p>	<p>Vicepresidencia 1ª, IGAPE</p>	<p>A FGE trata todas aquelas cuestións de relevancia para o sector da automoción en dous foros rexionais impulsado polo Comité Europeo das Rexións (CdR): o Grupo Interrexional sobre o futuro do automóbil (CoRAI), do que Galicia forma parte dende a súa creación en 2009, e a Alianza de Rexións con Industrias da Automoción (ARA), da que Galicia é unha das rexións fundadoras grazas ó traballo da FGE. En ambos, impúlsase todas aquelas iniciativas que fomenten unha transición xusta para as rexións automobilísticas europeas, en colaboración coas institucións europeas e outras partes interesadas.</p> <p>A FGE tamén fai seguimento das políticas europeas relacionadas coa automoción, dado o momento transcendental no que se atopa a industria, que terá que asumir grandes cambios nun período moi curto de tempo. Falase aquí, por exemplo, da revisión do regulamento polo que se establecen normas de comportamento en materia de emisións de CO2, que confirma o 2035 como data límite na que todos os novos turismos e furgonetas no mercado da Unión Europea deberán ser de cero emisións. Isto supoñía a fin do motor de combustión, máis as presións alemás levaron á Comisión Europea a aceptar unha nova categoría de vehículos autorizados a funcionar con combustibles sintéticos despois desta data. A FGE reuniuse cunha empresa galega que conta cun proxecto maduro para a fabricación</p>	<p>26/01 Participación na reunión do <b>Grupo de traballo da Alianza de Rexións con Industrias da Automoción (ARA)</b>.</p> <p>30/01 Participación na reunión do <b>Grupo de Traballo do Grupo Interrexional sobre o futuro do automóbil (CoRAI)</b>.</p> <p>02/02 Elaboración e envío posterior dun <b>informe técnico sobre lexislación europea</b> con repercusión no sector da automoción de Galicia.</p> <p>22/03 Reunión coa empresa galega "<b>Forestal del Atlántico</b>"</p>

		desta clase de combustibles, Forestal del Atlántico, e comprometeuse a facer coñecer o seu proxecto na UE.	
<b>4. Política Pesqueira Común (PPC)</b>	Mar	<p>En febreiro, a Comisión Europea presentou un paquete de medidas para mellorar a sustentabilidade e a resiliencia do sector da pesca e a acuicultura da UE. Consta dunha comunicación sobre a transición enerxética no sector da pesca e a acuicultura da UE; dun Plan de acción para protexer e restaurar os ecosistemas mariños, que propón a prohibición de pesca de arrastre nas áreas mariñas protexidas; dunha Comunicación sobre a política pesqueira común de hoxe e de mañá, que, a diferenza de Galicia, non considera necesaria unha reforma desta política; e dun informe sobre a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.</p> <p>A proposta recibiu grandes críticas no Parlamento Europeo e no Consello. A FGE propuxo ao Comité Europeo das Rexións realizar un ditame sobre este tema que fose liderado por Galicia. O ditame foi adxudicado a Galicia na comisión NAT de 30 de marzo. Será debatido en comisión en xuño e outubro, e aprobado en plenaria en novembro, coincidindo coa Presidencia española da UE.</p>	<p>25/01 Acompañamento da conselleira do Mar á <b>reunión conxunta CRPM- Parlamento Europeo sobre a aplicación da PPC</b></p> <p>02/03 – Seguimento da comisión <b>PECH</b> do Parlamento Europeo</p> <p>17/03 Asistencia á reunión preparatoria coa REPER do Consello de Agricultura e Pesca</p> <p>20/03 Seguimento do Consello de Pesca</p> <p>21/02 Reunión co CdR sobre a posible redacción dun ditame referido a pesca</p> <p>30/06 Asistencia á <b>comisión NAT</b> do CdR</p>
<b>5. Intelixencia artificial</b>	AMTEGA	<p>Nun momento en que se está a debater o marco legislativo para regular a IA en Europa, a FGE organizou, coa colaboración da AMTEGA, un <a href="#">debate</a> en Bruxelas sobre o papel das rexións na regulación da IA. Representantes da Comisión Europea, o Consello e o Parlamento Europeo explicaron o estado das negociacións a nivel europeo. Un representante da USC avanzou os resultados do estudo encargado pola Xunta de Galicia ás tres universidades galegas.</p>	<p>16/01 Asistencia á reunión co conselleiro de Axenda Dixital da REPER</p> <p>25/01 Organización do debate <b>“O papel das comunidades autónomas ante o desenvolvemento da IA”</b></p>

<p><b>6. Adaptación ao cambio climático</b></p>	<p>Medio Ambiente</p>	<p>Entre as novas iniciativas de “Horizonte Europa”, o programa marco de Investigación e Innovación para o período 21-27, atópanse as Misións da UE, mediante as que se desexa facer fronte a grandes retos en materia de saúde, clima e medio ambiente. Existen cinco Misións, entre as que destaca a centrada na adaptación ó cambio climático, da que Galicia forma parte dende o pasado setembro.</p>	<p>26/01 Inauguración da <b>Comunidade de Prácticas:</b> asinantes da Carta e membros do Comité Executivo</p>
<p><b>7. A política de cohesión</b></p>	<p>Facenda</p>	<p>En marzo, a Xunta de Galicia presentou os seus programas operativos FEDER e FSE+ 21-27. A FGE colaborou coa consellería de Facenda para facilitar a participación dos representantes da Comisión Europea nestes actos.</p> <p>Aínda que a execución do período 21-27 acaba de comezar, os dous principais <i>lobbies</i> no ámbito rexional están a adiantarse ao debate sobre o futuro da política rexional para crear unha narrativa favorable a eles. Trátase, por un lado, da Alianza pola Cohesión, impulsada polo CdR e polas principais asociacións rexionais (CRPM, Eurocities, CALRE, CEMR...) que organizou un gran evento político e outro máis técnico. Doutra banda, a CRPM organizou un debate máis práctico sobre os elementos do novo Mecanismo de Recuperación e Resilencia que, de demostrar a súa eficacia, poderían ser incorporados na política de cohesión. Galicia participa tanto na Alianza como na CRPM. Facenda achegou os seus comentarios ás preguntas formuladas no debate da CRPM. Con eles, a FGE elaborou un primeiro posicionamento de Galicia neste debate, recollido nas prioridades de Galicia ante a Presidencia española, que vai abordar de cheo esta cuestión.</p>	<p>16/03 – Asistencia ao acto organizado pola Alianza pola Cohesión <b>“A cohesión como unha ponte cara unha Europa máis unida e xusta”</b></p> <p>23/03 – Asistencia ao seminario da CRPM <b>“Deseñando o futuro da política de cohesión”</b></p>
<p><b>8. Revisión da rede Transeuropea de Transporte (RTE-T)</b></p>	<p>CIM</p>	<p>Os ministros de Transporte chegaron a unha orientación xeral sobre a revisión na súa reunión do 5 de decembro. O borrador de informe do PE recibiu máis de 200 emendas en comisión, das que máis de 90 son referidas aos mapas. A votación na comisión competente (TRAN) pospúxose ao 1 de marzo. A intención de DG MOVE é</p>	<p>28/01 – Seguimento do acto de <b>presentación do Corredor Atlántico do Noroeste</b> en Santiago de Compostela</p>

		<p>tocar o mínimo os mapas: tan só é favorable a ampliar o corredor Mediterráneo a Ucraína e a favorecer as seccións transfronteirizas. Espérase que o Parlamento Europeo adopte a súa posición sobre este expediente neste primeiro semestre de 2023 para que a Presidencia española comece coas negociacións a tres bandas (trílogos).</p>	<p>30/01 – Asistencia á <b>reunión do Grupo de Traballo de Transportes da Comisión do Arco Atlántico</b></p> <p>13/03 – Preparación dunha nota para a <b>reunión entre os presidentes de Cantabria, Asturias, País Vasco y Galicia en Bilbao</b></p>
<p><b>9. Semana Europea das Rexións e das Cidades</b></p>	<p>AMTEGA, VP2ª, IGAPE</p>	<p>A Semana Europea das Rexións e das Cidades, celebrada de maneira anual en Bruxelas, correspóndese co principal evento dedicado á política de cohesión, no que a FGE sempre fomentou e facilitou a participación galega.</p> <p>En 2023, terá lugar entre os días 9 e 12 de outubro e recuperará o seu carácter presencial, tras tres anos de virtualidade imposta pola crise sanitaria. Para esta edición, a FGE presentou senllas candidaturas co ánimo de organizar un seminario sobre o desenvolvemento rexional da intelixencia artificial, así como unha presentación sobre o papel de Galicia na transición industrial europea. Como é habitual, tamén apoiará a candidatura doutros actores galegos, como a Axencia Galega de Innovación.</p>	<p>13/02 - Asistencia á <b>reunión de lanzamento da EURegionsWeek 2023</b></p> <p>11/04 – Presentación das <b>candidaturas de Galicia para participar na EURegionsWeek 2023</b></p>
<p><b>10. Ano Europeo de Competencias</b></p>	<p>Emprego e Igualdade</p>	<p>O 7 de marzo o Consello e o Parlamento chegaron finalmente a un acordo para celebrar o Ano Europeo das Competencias entre o 9 de maio de 2023 e o 8 de maio de 2024.</p> <p>No Comité Europeo das Rexións, debateuse este tema no pleno de xaneiro co comisario Schmit. Jesús Gamallo interveu para explicar a experiencia galega coa súa Estratexia Galega de Competencias.</p>	<p>08/02 Asistencia a Jesús Gamallo para a súa <b>intervención no debate do pleno do CdR</b></p> <p>09/03 Reunión coa <b>conselleira de Educación da REPER</b></p> <p>21/03 Reunión coa <b>conselleira de Emprego da REPER</b></p>



		A raíz do interese mostrado pola Consellería de Emprego, a FGE asesorouna sobre todos os modos de participar na celebración deste Ano.	31/03 Asistencia <b>ao seminario virtual “O Ano Europeo das competencias”</b> , organizado pola Oficina de Navarra en Bruxelas
<b>11. Establecemento dunha macrorexión atlántica</b>	VP 2ª	Galicia defende o valor engadido de crear unha macrorrexión atlántica, tomando como base a experiencia de cooperación das rexión do suroeste europeo RESOE, posta en marcha en 2010. A creación da macrorrexión suporía establecer unha cooperación estratéxica nesta área xeográfica que vaia máis aló da actual estratexia marítima para incluír outros eidos de cooperación como as enerxías limpas, a innovación, o turismo ou a cultura.  Esta última reunión política supón o pulo definitivo para que a proposta sexa asumida pola próxima Presidencia española do Consello.	09/02 Asistencia á reunión preparatoria da reunión política  01/03 Asistencia á <b>reunión política da Comisión do Arco Atlántico sobre o establecemento dunha macrorrexión atlántica</b>
<b>12. Cooperación con outras rexións de dentro e fóra da UE</b>	Todas	A Xunta de Galicia utiliza a súa oficina de Bruxelas para promover a relación bilateral con outras rexións europeas. Nestes meses, fíxose un maior contacto con Bretaña, pois organizaba o primeiro Foro de cooperación entre rexións de orixe celta en Lorient que foi cancelado no último momento por mor das folgas en Francia.  No marco do grupo de cooperación transatlántica da Comisión do Arco Atlántico, ábrese a posibilidade de cooperar con rexións americanas en materia de transición ecolóxica grazas a un proxecto piloto aprobado no PE “ <i>A green transatlantic cooperation delivering locally</i> ”.	24/01 Asistencia á <b>recepción do Presidente de Bretaña</b> para presentar a súa estratexia de acción exterior  01/03 Asistencia á recepción organizada por Gales con motivo do <b>Saint David’s Day</b>  10/03 Apoio á participación política na reunión virtual sobre o <b>Foro Celta</b>  29/03 Apoio á participación política no <b>Grupo de Contacto Reino Unido- CdR</b>

## ANEXO

OUTRAS REUNIÓN EN BRUXELAS			
Data	Organizadores	Reunións	Comentarios
18/01	CORE	Reunión conselleiros Medioambiente REPER <b>cos de da</b>	Deuse conta do Consello de Medio Ambiente celebrado en decembro no que se debateu sobre o Regulamento sobre Restauración da Natureza, a Estratexia de biodiversidade en relación cos acordos da COP15, a revisión do Regulamento sobre Traslados de Residuos e o paquete "Contaminación Cero. Tamén se debateu sobre o paquete de economía circular, que inclúe o regulamento que modifica a directiva de envases, e as propostas relativas aos gases fluorados e substancias que esgotan a capa de ozono, e ás emisións industriais, cuxo obxectivo é limitar as emisións de metano e amoníaco.
19/01	CORE	Reunión coa unidade de España do Fondo Social Europeo	Fíxose unha valoración sobre os resultados dos traballos de DG EMPL durante o último ano, facendo especial fincapé na negociación do Fondo Social Europeo plus (FSE+). Explicouse a situación do Semestre Europeo e trasladáronse as novidades nas que a DG EMPL traballará en 2023.
31/01	CdR	Comisión NAT	O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, participou no <a href="#">primeiro encontro do ano da comisión de Recursos Naturais</a> do Comité Europeo das Rexións, onde se abordou a necesidade de avanzar nas transicións dixital e ecolóxica co apoio do rural
02/02	CdR	Comisión CIVEX	Jesús Gamallo participou na <a href="#">comisión de Cidadanía, Gobernanza, Asuntos Institucionais (CIVEX)</a> na que se debateu sobre o impacto rexional da Lei europea de liberdade de prensa e a relación cos Estados socios de Europa oriental e o Cáucaso.
03/02	Comité Europeo das Rexións (CdR)	Presentación do "Premio Rexión Emprendedora Europea (EER)" 2024	O Premio Rexión Emprendedora Europea (EER) recompensa a aquelas rexións que presentan estratexias empresariais cunha visión de futuro, demostrando un "óptimo uso dos fondos da UE e doutros fondos orientados ó desenvolvemento empresarial na rexións". Esta iniciativa é un dos recoñecementos de maior relevancia para impulsar o emprendemento a nivel europeo, polo que a FGE sempre anima e fomenta a participación da administración galega.
07/02	FGE	Reunión co presidente da Confederación Europea de Mozos Empresarios	Un empresario galego, membro da directiva de AJE Ourense, vén de asumir a presidencia de YESforEurope, a confederación a nivel europeo de mozos empresarios. A FGE reuniuse con el para poñelo en contacto coa directora da oficina da CEOE en Bruxelas e representante española en Business Europe, a patronal europea.

07/02	Comisión Europea	<b>“Xuntos por un turismo europeo”. Reunión de axentes do sector turístico</b>	A reunión tiña como obxectivo proporcionar unha visión dos esforzos da UE para regular o mercado dixital, promover a sustentabilidade no turismo e apoiar a recuperación e o crecemento da industria. Abordouse o impacto da transformación dixital no sector e as iniciativas da UE para apoiar a recuperación do sector turístico tras a pandemia COVID-19.
09/02	CORE	<b>Reunión de coordinadores de grupos técnicos</b>	A rede de colaboración informal entre oficinas de CCAA en Bruxelas conta con 11 grupos técnicos que traballan en diferentes áreas. A FGE coordina o grupo de política de cohesión. Durante a reunión, establecéronse os criterios para difundir os boletíns informativos que elabora cada grupo.
15/02	CORE	<b>Reunión dos conselleiros de Finanzas da REPER</b>	Explicación do Mecanismo de Axuste en Fronteira que vai entrar en vigor o 1 de outubro. Os importadores europeos deberán comezar a emitir declaracións informativos sobre o prezo do carbono que debería ter sido pagado se os bens que importan fosen producidos baixo as regras de prezos de carbono da UE. Tamén explicaron os últimos avances en materia de xusticia fiscal internacional, en concreto, sobre a "Directiva sobre a garantía dun nivel mínimo global de impostos para os grupos nacionais, multinacionais e de gran escala". frd
17/02	Comisión Europea	<b>Foro anual da Misión dos Océanos</b>	O Foro Anual da Misión dos Océanos fixo balance do primeiro ano de aplicación da Misión, presentando a primeira carteira de proxectos e accións cos que se pretende alcanzar os obxectivos fixados. Mostráronse accións concretas para protexer e restaurar os ecosistemas mariños e de auga doce, impulsar a resiliencia costeira, eliminar a contaminación e facer que a economía azul sexa climáticamente neutra e circular
21/02	Rede de rexións con desafíos demográficos (DCRN)	<b>Novo mecanismo de promoción do talento</b>	A DCRN, unha rede informal á que pertence a FGE dende a súa constitución, organizou unha reunión técnica con dúas responsables da Comisión encargadas do novo “Mecanismo para o Impulso do Talento” para axudar ás rexións afectadas pola diminución acelerada da súa poboación en idade de traballar a formar, reter e atraer ás persoas no seu territorio. Galicia non se atopa entre as 82 rexións identificadas nunha “trampa de desenvolvemento do talento”.
22/02	Comisión Europea	<b>“Cara un enfoque integral da saúde mental”</b>	A comisaria de saúde da Comisión, Stella Kyriakides, explicou que as institucións levan un tempo querendo poñer este tema enriba da mesa pero que a pandemia da COVID acabou desprazándoo ata este ano, cando publicarán unha nova Estratexia sobre saúde mental a nivel europeo. Nesta reunión presentáronse varios exemplos da importancia da saúde mental no ámbito social e económico.

02/03	Rede europea de rexións por un turismo sostible (NECSTOUR)	<b>Presentación da asociación europea da industria turística</b>	A asociación europea que representa á industria do sector turístico (ETOA) presentouse ante os membros de NECSTOUR, unha rede na que participa a Axencia Galega de Turismo. As empresas de viaxes de estudantes ou as empresas de autocares están representadas en ETOA. Flandes, que acaba de asumir a presidencia de Necstour, presentou o eu proxecto Destino 2030, consistente en desenvolver destinos turísticos mantendo o equilibrio entre visitantes, turistas, empresas e os propios habitantes.
08/03	CORE	<b>Debate sobre a igualdade nas institucións internacionais</b>	Con motivo do Día Internacional da Muller, a FGE en Bruxelas acolleu un almorzo de traballo organizado pola CORE no que dous altos cargos da Comisión Europea e a OTAN, ocupados por mulleres, expuxeron a súa experiencia nestas institucións, así como as medidas que se están poñendo en marcha para aumentar o número de mulleres en postos de responsabilidade.
09/03	FGE	<b>Reunión coa empresa KIMAK</b>	Kimak é unha empresa galega especializada en montaxe de tendas e espazos expositivos que vén de mostrar o seu interese ao Parlamento Europeo para a construción de 27 espazos "Europa Experiences" nas principais cidades europeas
14/03	CORE	<b>Estratexias e orientacións nas políticas para pemes na UE</b>	Un representante da Comisión Europea analizou o estado da situación no que se atopan as pemes europeas e ofreceu unha visión ampla tanto das diferentes oportunidades de financiamento existentes como das posibilidades de apoio rexional.
17/03	Comisión Europea	<b>1ª Conferencia Anual del Servicio Jurídico da Comisión Europea</b>	O servizo xurídico dedicou a súa primeira conferencia anual a dúas das prioridades da Comisión para os anos 2019-2024: Unha Europa adaptada á era dixital e Un Pacto Verde Europeo. Así, abordouse a regulación da internet e as plataformas dixitais, facendo fincapé na aplicación das novas normas tras a entrada en vigor da Lei de Mercados Dixitais e a Lei de Servizos Dixitais. En relación co Pacto Verde, analizouse a xustiza interxeracional e os litixios climáticos, avanzando o que cabe esperar nos próximos anos. Os participantes recibiron un exemplar da recente publicación "70 anos de Dereito da UE. Unha Unión para os seus cidadáns".
17/03	CORE	<b>Reunión co embaixador da UE ante a OMC</b>	O embaixador da UE ante a Organización Mundial do Comercio (OMC), João Aguiar Machado, expuxo o proceso de reforma no que se atopa inmerso o organismo internacional, as diferentes tensións

			comerciais promovidas no triángulo Estados Unidos-UE-China, así como as perspectivas existentes para o comercio internacional en 2023.
17/03	CdR	<b>Sesión plenaria</b>	Jesús Gamallo participou na segunda <a href="#">sesión plenaria</a> deste ano do CdR, na que se debateu sobre unha resolución centrada en como aproveitar o talento nas rexións de Europa.
22/03	ICLEI-Gobiernos Locais pola Sostibilidade	<b>Taller sobre contratación pública no marco da Estratexia Da Granxa á Mesa</b>	Neste taller tratouse o modo de propiciar que os comedores escolares utilicen produtos de proximidade, utilizando os resultados de varios proxectos europeos. Así, presentouse o " <a href="#">Manifesto sobre a compra sostible de alimentos</a> ": Guía para autoridades públicas rexionais e locais, con sete propostas de acción", e a <a href="#">Revisión das boas prácticas da UE en materia de adquisición sostible de alimentos (EN)</a> .
20/03	CORE	<b>Reunión cos conselleiros de Sanidade da REPER</b>	Abordáronse os resultados do Consello de Sanidade de 14 de marzo no que se debateu sobre a regulación das taxas que cobra a EMA pola autorización de medicamentos, a Estratexia Global de Saúde da Unión Europea, a aplicación do Regulamento de Produtos Sanitarios, as negociacións para un acordo internacional sobre prevención, preparación e resposta ante pandemias, a coordinación e colaboración para a síndrome de problemas crónicos e a escaseza de medicamentos no mercado da UE. Sobre a futura Presidencia española, os conselleiros avanzaron a especial atención que requirirán expedientes legislativos como o Espazo Europeo de Datos Sanitarios, a regulación de células, sangue, tecidos e gametos, e a regulación das taxas da EMA. Tamén dará prioridade á preparación ante pandemias, a promoción dunha vida sa, a saúde mental e a loita contra o estigma e a discriminación.
23/03	FGE	<b>Reunión coa empresa Quobis</b>	Quobis é unha peme ubicada en Porriño que ofrece servizos en tempo real a operadores de telecomunicacións e grandes empresas. Ten ampla experiencia en proxectos europeos e forman parte de dúas plataformas tecnolóxicas a nivel europeo: ETP NetWorld Europe e Joint Undertaking 6G-IA
27/03	CORE	<b>Reunión co conselleiro Antici da REPER</b>	Os responsables de oficinas rexionais en Bruxelas reuníronse co conselleiro da REPER encargado do Consello Europeo para se informaren de primeira man do acontecido no <a href="#">cumio de líderes europeos do 23 de marzo</a> . Ucraína, o mercado único, a competitividade e a enerxía foron algún dos temas tratados.

30/03	CdR	<b>Redución das cargas regulamentarias da UE para as PEME</b>	A Comisión ECON do Comité Europeo das Rexións organizou un seminario sobre a redución das cargas regulamentarias da UE para as pemes, en cooperación coas institucións da UE e as asociacións empresariais europeas. No seminario debatéronse os retos aos que se enfrontan as pemes europeas durante a recuperación económica post-pandémica, a carga reguladora imposta pola nova lexislación da UE como parte do Pacto Verde da UE, e os principios e ferramentas de mellora da regulación que poden aplicarse para garantir un réxime regulador a proba de pemes a nivel da UE. O seminario tamén examinou a proposta de Directiva sobre a dilixencia debida en materia de sustentabilidade empresarial e o seu impacto previsto nas pemes. O acto reuniu a autoridades locais e rexionais, institucións da UE, asociacións empresariais da UE e empresarios para presentar novas ideas sobre como protexer mellor os intereses das pemes no proceso de elaboración de políticas da UE.
31/03	CORE	<b>Reunión cos conselleiros de Enerxía da REPER</b>	Intercambio de informacións sobre os resultados do Consello de Enerxía levado a cabo a finais de marzo, no que se fixo unha presentación sobre a proposta relativa á reforma do mercado da electricidade da UE e se prorrogou a validez ata 2024 do regulamento de emerxencia que establece unha redución da demanda de gas.
31/03	CORE	<b>Reunión cos conselleiros de Medio Ambiente da REPER</b>	Explicáronse os diferentes expedientes legislativos tratados durante o Consello de Medio Ambiente celebrado a mediados de marzo, como a directiva de emisións industriais, o regulamento sobre emisión de vehículos pesados ou a dimensión ecolóxica do Semestre Europeo.
31/03	Comisión Europea (DG REGIO)	<b>Diálogo coas oficinas rexionais para debater sobre o Mecanismo de Préstamos do Sector Público (PSLF) do Mecanismo de Transición Xusta</b>	O Mecanismo de Transición Xusta é un programa da Unión Europea que apoia e financia ás rexións máis expostas aos retos da transición en todos os Estados membros. Dentro del, o Mecanismo de Préstamos ao Sector Público é un instrumento que combina subvencións e préstamos ás administracións para que aborden os retos derivados da transición xusta nun territorio identificado nos Plans de Transición Xusta adoptados, como é o caso da provincia da Coruña